

RESUMO DA REUNIÓN COA DIRECCIÓN DA GAIN

Santiago de Compostela 05/03/25

No día de hoxe **UGT** mantivo unha xuntanza coa dirección da Axencia Galega de Innovación na que se trataron as seguintes cuestións:

EVOLUCIÓN DAS TAREFAS ENCOMENDADAS POLO DECRETO DO PERSOAL INVESTIGADOR Á GAIN:

Como é sabido o Decreto 12/2024 regula a organización, a promoción e a carreira profesional do persoal de investigación de carácter laboral nos organismos de investigación da Administración da CA de Galicia, o dito decreto outorga á GAIN un lugar preeminente en toda a negociación que ten que ver co desenvolvemento do mesmo.

A publicación do citado decreto o 25/01/2024, indicaba o prazo dun ano para:

- A **identificación dos postos** do persoal con funcións de **investigación**
- O inicio da negociación dun **convenio marco** que abarcase a **todas as entidades** con tarefas **investigadoras** na Xunta de Galicia
- A convocatoria da **oferta das prazas**, que consonte á **Lei 20/2021**, poderían ser ámbito dos preceptos da dita norma.

As tres cuestións non se cumpriron e polo tanto ante a nosa insistencia en Mesa Xeral, e determinadas direccións xerais, sen obter resposta, acudimos a quen consideramos órgano administrativo vertebrador da implementación do Decreto 121/2024.

A resposta ante as cuestións formuladas, foi que **están traballando nos temas**, argumentando o seu retraso nos cambios producidos nos organismos, pero que en ningún caso se deixa de lado o comprometido, pospoñendo a información para un momento próximo no que podan dar resposta.

Insistimos no que á UGT lle parece importante:

- Toma en consideración das **prazas susceptibles de formar parte dunha OPE** polo sistema de **concurso**, respecto daquelas **prazas non ofertadas en Lei 20/2021** e que **cumprían cos requisitos** para participar na mesma, de **todos os Entes Instrumentais** con desenvolvemento de **tarefas investigadoras**, abarcando aqueles centros das consellerías do Medio Rural, Sanidade e Mar, que estimamos poden participar, **condicionado ao que poda determinar a identificación de prazas** derivada do mandato da disposición adicional primeira do Decreto 12/2024.
- Participación na **negociación do convenio marco** do persoal traballador das **entidades** que realizan labores de **investigación** na Xunta de Galicia.

CUESTIÓN FORMULADA AO RESPECTO DO PERSOAL DE GAIN:

- Proceso de estabilización
 - Trala publicación en 31 decembro de 2024 da resolución da relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, a súa orde de prelación e a proposta de nomeamento, dende a dirección de GAIN informan que, hai 3 casos (dous no grupo I e un no grupo II) que fan que o proceso de estabilización propio dependa de que se resolvan os procesos da Administración xeral da Xunta dos subgrupos A1 e A2, todo elo co fin de evitar os



posibles efectos negativos para as persoas traballadoras da GAIN que están na listaxe de agarda e que todos as persoas traballadoras tomen posesión cos mesmos dereitos a tódolos os efectos a futuro (tempo de traballo aos efectos de concursos de traslados, por exemplo).

- No tocante aos prazos de resolución dos procesos de estabilización en Xunta do A1 e A2, non facilitan datas concretas aínda que din que tratarán de axilizarlos o máximo posible.
 - Dende **UGT** indicamos que moi posiblemente **o proceso se engarce co resultado do concurso de traslados dos corpos xerais** da Administración, en tanto que semella lóxico que as resultas deste sexan as que operen nas distintas ofertas dos procesos selectivos, sexan os anteriores á Lei 20/2021 como aos ligados ao desenvolvemento da mesma norma.
- Procesos de funcionarización/promoción específica:
 - Concretan que as prazas afectadas pola estabilización están incluídas na OPE de 2024 aos efectos de participación na súa funcionarización.
- Complemento de desempeño do posto de traballo para o persoal laboral
 - A dirección de GAIN confirma que **todo o persoal** do Ente Instrumental (con independencia de onde preste servizo) será **incluído no complemento de desempeño da norma que regule o proceso para a Administración xeral**, a través da súa inclusión por unha **disposición adicional** na normativa a negociar cos sindicatos na Mesa Xeral, na **convocatoria dos graos extraordinarios pendentes de negociación**.
 - Dende **UGT** consideramos acertada a proposta e así a apoiaremos cando se formule no ámbito que corresponde.
- Solicitude de xuntanza informativa para todo o persoal afectado
 - Dende **UGT** **solicítase** o compromiso dunha **xuntanza**, no mes de marzo, **da dirección con todo o persoal afectado no proceso de estabilización** para que podan expresar as súas dúbidas e inqedanzas e ser informados de primeira man.

